

INFORMACIÓN SOBRE OS NIVEIS DE ALERTA DE COVID-19 EN GALICIA E SITUACIÓN ACTUAL DO CONCELLO DE VEDRA NA SEMANA DO 12 DE OUTUBRO DO 2020.

Os niveis de alerta (non confundir cos niveis de restriccións) establécense en función do número de persoas diagnosticadas de COVID-19 nos últimos 7 e 14 días e para definilos tivéronse en conta o número de habitantes do concello e o número de casos novos de COVID-19, quedando da seguinte maneira:

A. Concellos de menos de 50.000 habitantes:

- Nivel 1 (verde): menos de 7 casos novos á semana.
- Nivel 2 (amarelo): entre 7 e 13 casos novos á semana.
- Nivel 3 (laranxa): entre 14 e 20 casos novos á semana.
- Nivel 4 (vermello): 21 ou máis casos novos á semana.

B. Concellos de máis de 50.000 habitantes:

- Nivel 1 (verde): menos de 28 casos novos á semana por 100.000 habitantes.
- Nivel 2 (amarelo): entre 28 e 55 casos novos á semana por 100.000 habitantes.
- Nivel 3 (laranxa): entre 56 e 111 casos novos á semana por 100.000 habitantes.
- Nivel 4 (vermello): 112 ou máis casos novos á semana por 100.000 habitantes.

Tendo en conta esta información notificamos que ata esta fin de semana o noso termo municipal estivo sempre en nivel verde. Esta situación variou nas últimas datas cun pequeno brote no eido privado que xa está controlado e que fixo que sumáramos ata un total de 10 casos positivos a día de hoxe, estando por tanto nesta semana con nivel amarelo dos últimos 7 días e nivel verde dos últimos 14 días. Este cambio de nivel de alerta COVID-19 non supón a necesidade de adoptar medidas diferentes ás xa utilizadas decretadas pola Xunta de Galicia e actualmente en vigor. Como única novidade lembrar que **dende este xoves 15 de outubro se restrinxen en toda Galicia as reunións a un máximo de 10 persoas**, así mesmo non esquezas a importancia:

- Do uso da máscara.
- Do distanciamento social de 1,5 metros mínimo entre persoas.
- Do emprego de xel hidroalcohólico e o lavado frecuente de mans.
- E do control da temperatura e o aviso inmediato no teu centro de saúde ante o primeiro dos síntomas, ou no teléfono 900 400 116.

En definitiva, non baixemos a garda no cumprimento das normas de seguridade impostas polas autoridades sanitarias para loitar contra a pandemia.

